

NOVA ESCOLA GALEGA

BOLETIN INTERNO 22

XUÑO 1990

SUMARIO

IV Escola de Verán
Recurso contra o decreto de isención
A privatización do preescolar

Posicionamento sobre a LOXSE
Encontros de Educación de Adultos
Novas de Asociación

A Lei de ordenamento Xeral do Sistema Educativo

O VIII° Encontro de debate de Nova Escola Galega celebrado en Santiago o 12 de maio, serviu para elaborar un posicionamento da asociación verbo da LOXSE.

Nova Escola Galega, dende o inicio do proceso de debate sobre a reforma educativa participou activamente, suliñando a necesidade de acometer unha reforma en profundidade, enmarcada no modelo de ESCOLA PUBLICA que defendemos.

Os aspectos positivos que observamos na LOXSE, non agachan outras notables insuficiencias que fan desta lei unha proposta que debe ser modificada nunha perspectiva progresista.

O tratamento da cuestión do profesorado e a súa formación; as indefinicións sobre o ano de garantía social, ó remate da educación secundaria obrigatoria; a cuestión competencial para determinar as ensinanzas mínimas e o problema do financiamento son algúns dos aspectos máis insatisfactorios desta Lei.

Para Nova Escola Galega para que a reforma educativa sexa viable, ademais de modificarse estes aspectos insatisfactorios, cómpre emprender, dende xa, unha serie de medidas de mellora da escola pública e de dignificación da profesión docente.



NOVA ESCOLA GALEGA, Boletín Interno 22/1990, Xuño 1990. Publicación do Secretariado Galego de Nova Escola Galega. Apartado 586. Santiago.

NOVA ESCOLA GALEGA (Boletín Interno) é o voceiro dos asociados e asociadas de NEG. Envíade os vosos textos para publicar (opinión, suxerencias, petición de intercambio, anuncios..) no próximo Boletín, antes do 1 DE NOVEMBRO. Apartado 586 (Santiago). Gracias pola vosa colaboración.

IV Escola de Verán.


NOVA ESCOLA GALEGA

2 ó 6 de Xullo 1.990

INSTITUTO BACHARELATO XELMÍREZ

Poza de Bar, s/nº

SANTIAGO DE COMPOSTELA



EDITORIAL

Este boletín que coincide co inicio da IV Escola de Verán de Nova Escola Galega é unha boa oportunidade para reflexionar sobre a razón de ser deste tipo de actividades.

Iniciámolas coas Primeiras Xornadas de Preescolar e Ciclo Inicial, celebradas hai xa seis anos. Dende entón as diferentes Comisións Organizadoras fixeron un esforzo por adapta-la oferta das nosas actividades de verán ás novas necesidades do profesorado e da renovación pedagóxica en Galicia.

Dende aquela, en tódalas edicións, fixemos un esforzo por atopar as canles máis axeitadas para a confrontación de experiencias renovadoras e o debate sobre a escola pública que queremos cambiar. Dende aquela, e moitas veces contracorrente, tentamos artellar espacios internivelares onde o debate sobre a escola e o traballo educativo non se parcializase, onde o traballo do mestre ou do equipo de centro fose o verdadeiro protagonista.

Con esta IV Escola de Verán continuamos ese camiño. Unha cita anual para coller folgos e aire novo.

¡A adscribirse!

Andan nestes días as cousas revoltas nos claustros e percíbese unha tensión no ambiente superior á normal nunha fin de curso, por mor da adscripción do profesorado ós postos de traballo dentro do esquema do que se pretende que sexa o novo concurso de traslados.

Se o proceso parece lóxico -para que se non unha especialidade na escola de maxisterio e na oposición- rómpese esta idea coa precipitación que parece observarse no seu proceso. Non parece moi oportuno, nin tan sequera sensato, publicar unha orde de adscripción cando non se coñece de xeito oficial a catalogación de postos de traballo, e menos lóxica aínda é inicialo a mediados do mes de xuño cando a atención de todos está centrada no remate do curso, avaliacións e traballos burocráticos propios destes tempos.

Tampouco semella ser o ideal establecer unha adscripción sen coñecer polo miúdo cal vai ser a normativa do novo concurso de traslados. Neste senso deixa moitas interrogantes en torno á mobilidade interciclos (Para acceder outro posto dentro do mesmo centro ¿habera que concursar?) como cao posta en marcha no futuro da secundaria obrigatoria.

Comentando a orde publicada no D.O.G. de 7 de xuño, destacaríamos que a normativa galega optou por unha complexidade inútil e innecesaria coa introducción do Apartado II -"postos de traballo para os que está habilitado/a pero que non desexa dar"- fronte ás opcións que non introduciron e que de seguro será fonte de problemas de interpretación. Hai que destacar que este apartado precisou de diversas aclaracións na súa interpretación por parte da Dirección Xeral de Básica.


Pero é que ademais esta catalogación é provisora porque deberá ser modificada para recoller as novas especialidades que tanto a LOXSE como a Lei de Reforma recollen. Polo que, unha de dúas, ou ampliase o catálogo ou ábrese o proceso de adscripción.

É preocupante a cativa concepción de zona educativa que manexa tanto esta orde como o borrador que se negociou coa Xunta de Persoal docente. Non entraña unha verdadeira descentralización dos servizos educativos e malamente é válida para o **NOVA ESCOLA GALEGA**

que parece que foi creada: o concurso de traslados. Nesta concepción parece haber unha oscura manobra que agacharía a intención de introducir a mobilidade para cubrir horario e máis dunha escola dentro da mesma zona escolar. Baste pensar que vai pasar cos mestres especialisas en filoloxía e idioma francés nos centros onde só se imparta como lúga estranxeira o inglés, ¿que tarefa vai desempeñar no resto do horario? ¿Como se lle van cubrir as horas ós cargos directivos? ¿Que vai ocorrer coas especialidades en centros de módulo 3 -3 unidades de ciclo superior- que non pasan das 9 horas semanais coma no caso de Sociais?

Demasiadas interrogantes e poucas explicacións da administración e mesmo das organizacións sindicais.

Xosé Manuel González Barreiro



Recurso contra o decreto de isencións

NOVA ESCOLA GALEGA, xunto con outros colectivos (MESA POLA NORMALIZACION LINGUISTICA, CC.OO, CXTG, INTG, SGTE, ASPG, AELG, APLL) presentou un recurso na sala do Contencioso Administrativo de A Coruña contra o decreto de isención da lingua galega para alumnos procedentes de fóra de Galicia ou que padecen deficiencias auditivas.

A nosa Asociación, con motivo do 17 de maio, apoiou a campaña denunciando os tres meses de retroceso que a nosa lingua ven padecendo co novo goberno da Xunta de Galicia.

Esta plataforma, que apoiamos decididamente, denunciou o retroceso que a nosa lingua ven sufrindo: os oficios da Administración Educativa volven a chegar en español ós centros escolares; hai publicidade institucional que non está no noso idioma; hai conselleiros e outros altos cargos que non o utilizan publicamente, nin tan sequera cando presentan unha Comisión de Normalización Lingüística, faraónica na composición, sen peso e sen equipo técnico ningún; non existe vontade de colaboración coas distintas plataformas que se constitúen para traballar pola normalización; o propio Presidente da Xunta de Galicia deixa de usar sistematicamente a lingua galega; a nivel normativo, vaise para atrás, caso paradigmático é o "Decreto de Isención", que converte un posible problema pedagóxico en ideolóxico; que adica presupostos raquíuticos para Normalización Lingüística (294 millóns, dun total de 119.000 millóns de pesetas de

orzamentos).

NOVA ESCOLA GALEGA sacou un comunicado de prensa onde se denunciaba o decreto de exención e solicitaba ó profesorado que manifestase o seu desacordo.

La Voz de Galicia, sábado, 19 de mayo de 1990

GALICIA



Los recurrentes comparan críticamente la situación gallega con la catalana

Siete sindicatos y asociaciones recurren contra el decreto de exención del gallego

Santiago (Redacción). CC OO, INTG, CXTG, Mesa Pola Normalización Lingüística, Nova Escola Galega, Asociación de Profesores de Língua e Literatura y Asociación Socio-Pedagógica Galega anunciaron ayer en Santiago que van a presentar recursos contra el reciente decreto de la Xunta que exime de estudiar gallego a alumnos que cumplan ciertos requisitos. Por otra parte, la Asociación de Profesores de Inglés de Galicia y los sindicatos SGTE y UCST también se oponen a tal decreto.

Sindicatos y asociaciones coincidieron en sus críticas a la política lingüística de la actual Xunta durante sus cien primeros días. Sobre todo por la pérdida de presupuestos para normalización, el citado decreto de exención, y la actitud

«regresiva» de algunos cargos del ejecutivo al no utilizar el gallego en sus comparecencias públicas.

Compararon la situación de Galicia con la de Cataluña. La Generalitat, dijeron, destina 4.000 millones de pesetas a normalización lingüística, cifra más de diez veces superior a la contemplada por la Xunta, a pesar de que en Cataluña el catalán está en mejor situación. Entienden que en Galicia debería hacerse un esfuerzo mayor.

La asociación de profesores insistió en que tal decreto supone un agravio comparativo para alumnos gallegos respecto a los de fuera o a aquellos que queden exentos de estudiar el idioma autóctono del país. Consideran que hasta ahora no se produjeron con-

flictos por cuestiones de exención, pero a partir de ahora, con este decreto, puede plantearse un conflicto lingüístico-social de envergadura.

Nova Escola rechazó con contundencia que la Xunta se preocupe más de posibilitar que algunos alumnos puedan no estudiar gallego que de garantizar el derecho a la escolarización en gallego. Y señaló que existe intención de hacer del gallego una lengua de carácter ritual o residual, no algo vivo y vehicular para la enseñanza.

La Mesa insistió en que se cumpla la legislación sobre normalización lingüística en los ayuntamientos: queda un mes de plazo para que sea efectiva y apenas ha habido algún tipo de logros, ante la indiferencia y falta de preocupación de la Xunta, dijo.

NOVA ESCOLA GALEGA

Privatización do Ensino Preescolar

NOVA ESCOLA GALEGA , xunto con outras entidades como as Xuntas de Persoal Docente de Centros Públicos non Universitarios de Galicia e diversas Federacións de A.P.A.s , manifestaron o seu no tocante á Orde da Consellería de Educación de 18 de abril, pola que se regula a concesión de axudas económicas ós centros privados no nivel preescolar para o curso 1.990-91.

Solicitouse ó Parlamento de Galicia, na persoa do seu Presidente, ós diferentes Grupos Parlamentarios e á Xunta de Galicia que se realicen as medidas oportunas tendentes á retirada da Orde antedita.

Apoiouse a concentración, realizada o día 13 de xuño, diante do Parlamento de Galicia para presentar un comunicado de protesta.

As razóns das nosas manifestacións de desacordo con esta orde son de carácter legal e sociopedagóxico. Non nos parece xusto que se subvencione á iniciativa privada un tramo de ensino non obrigatorio mentres a escolaridade obrigatoria na rede pública está chea de deficiencias, mentres se catalogan postos de traballo sen investimento ningún na rede pública, mentres se clausuran unidades de preescolar na rede pública e non se atende á escolarización dos 3 anos en condicións axeitadas, etc.

Dende un punto de vista legal, e dado que o nivel de preescolar non está legalmente declarado como educación obrigatoria e gratuita, a partir da antedita Orde a situación de dereito que se crea é a de que os nenos e nenas de 4 anos que asistan a centros privados concertados teñen dereito a esixir dos poderes públicos o ensino gratuito, estando privilexiados fronte ó resto da poboación escolar da mesma idade que non pode esixilo mesmo dereito nos centros públicos.

En consecuencia, naquelas localidades onde os centros públicos non teñen escolarizados os alumnos e alumnas na etapa de preescolar e existan centros privados concertados, darase de feito e non só de dereito unha clara situación de discriminación do ensino público fronte ó privado. Así mesmo, esta situación de discriminación dáse

NOVA ESCOLA GALEGA

tamén naquelas localidades onde non existe oferta de prazas para este nivel educativo nin na pública nin na privada, xa que a poboación afectada non pode esixir dos poderes públicos a gratuidade deste nivel, ó non estar recoñecido como un dereito.

O exposto constitúe unha manifesta vulneración do disposto nos artigos 14, 16, 27.1b e 27.3 da Constitución Española, que consagran o principio de igualdade ante a Lei, Liberdade de Conciencia, Liberdade de Ensino, Dereito dos Pais a elixiren a formación relixiosa e moral que coiden máis oportuna para os seus fillos e fillas, así como contraria á obriga constitucionalmente imposta no art.27,5 ós poderes públicos de garantiren o dereito de todos á educación.



N. E. G. e a Lei Xeral de Ordenamento do Sistema Educativo

LIMIAR: UNHA REFORMA INAPRAZABLE

A asociación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA como movemento de renovación pedagóxica comprometido na transformación e galeguización da escola participou con interese e dedicación en todo o proceso de debate sobre a Reforma Educativa.

Consideramos en si mesmo como positivo o feito de que ó redor das propostas de Reforma do Ministerio de Educación e Ciencia se artellase nos tres últimos anos un rico debate no seo da Comunidade Educativa.

Sen embargo entendemos que este debate fracasou parcialmente ó non acadarse un consenso entre as diferentes Administracións Educativas competentes do Estado e abrir unha perigosa fendidura, que pode levar a unha nova frustración do profesorado, entre as expectativas que abriu o proceso de reforma e a decepcionante realidade cotiá da escola pública.

NOVA ESCOLA GALEGA non pode deixar de insistir na necesidade e urxencia de acometer unha reforma radical, dado o profundo deterioro físico, humano, material e curricular o que ten chegado o sistema educativo actual, deseñado pola caduca e inservible Lei Xeral de Educación de 1970.

Coincidimos coa diagnose que do actual sistema educativo se realiza na "Exposición de Motivos" do proxecto de Lei da LOXSE. A reforma educativa é necesaria e inaprazable porque o actual sistema educativo se caracteriza por:

- * contar cunha educación preescolar, dos 0 ós 6 anos, insuficientemente regulada e ordenada;
- * contar cunha dobre titulación, ó remate da EXB, de carácter discriminatorio e segregador;
- * contar cun alto índice de fracaso escolar;
- * desvaloriza-los estudos de formación profesional, entendidos como unha segunda rama de escolarización, cun carácter excesivamente académico e desvencellados do mundo productivo, destinada para os fracasados do sistema;
- * contar cun bacharelato de carácter academicista e propedeutico;

* existir escasa flexibilidade no sistema educativo para dar unha resposta axeitada ás novas demandas educativas que a sociedade, ás

portas do ano 2.000, esixe.

Para NOVA ESCOLA GALEGA, como movemento de renovación pedagóxica que é, a reforma do sistema educativo non universitario a acometer debería ir enmarcada no modelo de ESCOLA PÚBLICA que defendemos: escola gratuita, participativa, respetuosa coa autonomía dos centros, xestionada democraticamente, científica e crítica, galeguizada, organizada nun tronco único de ensinanzas e impartida por un corpo único de ensinantes.

AS NOSAS COINCIDENCIAS

NOVA ESCOLA GALEGA atopa no proxecto de Lei da LOXSE aspectos xeralmente positivos que recollen algúns dos prantexamentos que os movementos de renovación pedagóxica viñemos defendendo nos últimos anos e que recolleemos na nosa alternativa pola Escola Pública.

Entre estes aspectos que consideramos satisfactorios sinalaríamos:

- * a organización dun tronco común de ensino obrigatorio ata os dezaseis anos;
- * o recoñecemento do carácter educativo da Educación Infantil, dos cero ós seis anos;
- * o carácter comprensivo da educación secundaria obrigatoria, dos 12 ós 16 anos;
- * a existencia dunha formación profesional de base que cursará todo o alumnado ata os dezaseis anos e dunha formación profesional específica de carácter terminal;
- * o recoñecemento de que a formación permanente do profesorado é ó tempo que un dereito e unha obrigaón unha responsabilidade das Administracións Educativas.

Sen embargo estes aspectos positivos non agachan outras notables insuficiencias que fan deste proxecto de LOXSE unha proposta que debe ser modificada na procura do modelo de Escola Pública Galega que defende NOVA ESCOLA GALEGA.

NOTABLES INSUFICIENCIAS

A efectos expositivos agruparémolos aspectos insatisfactorios do actual proxecto de lei da LOXSE en tres grandes apartados: pedagóxicos, financeiros e competenciais.

ASPECTOS PEDAGOGICOS INSATISFACTORIOS

Verbo do Ordenamento Xeral do Sistema Educativo

* Na redacción dos fins do sistema educativo (artigo 1) tódolos aspectos están relacionados co carácter reproductivo da escola.

NOVA ESCOLA GALEGA entende que a escola debe ser un lugar de creación de persoas que sexan capaces de modifica-la súa sociedade. Se non se explicita esta intención para participar “crítica e activamente na vida social e cultural”, o carácter transformador que propoñemos no se reflexará nos diferentes deseños curriculares.

* Seguimos reivindicando que debe existir unha única rede de escolarización pública dos 0 ós 18 anos.

* Defendemos que a etapa de educación infantil chegue ata os oito anos. Parécenos insuficiente e xenérica a regulamentación que se realiza da da educación infantil.

Non se asegura a gratuidade do primeiro ciclo desta etapa (dos cero ós tres anos). No artigo 7, apartado 2, debería substituírse o termo de que os poderes públicos “promoverán” a existencia dun número de prazas suficientes para asegura-la satisfacción da demanda escolar por “garantizarán”.....

O artigo 11, apartado 2, deixa formalmente aberta a porta á colaboración (¿concertación?) con entidades privadas.

* Cremos que a promoción, no ensino obrigatorio, debe ser automática. Isto esixirá unha nova organización do traballo pedagóxico nos centros, referido ós ciclos, agrupamentos flexibles, etc. Se hai apoios suficientes ó tratamento da diversidade (adaptacións curriculares) non deben existir repeticións.

A existencia de mestres especialistas na educación primaria (artigo 16) é contradictoria co principio de globalización, característico desta etapa. Entendemos que os dez anos que se establecen para a xeralización dos especialistas en música, educación física e idiomas (Adicional decimo-segunda) son suficientes para reciclar a todo o profesorado xeralista nestas materias. Con todo, admitimos que mentres isto non se consiga se establezan apoios transitorios nestas materias.

NOVA ESCOLA GALEGA

* Non se garantiza que a Administración Educativa asegure uns mínimos de optatividade na Educación Secundaria Obrigatoria para tódolos centros (artigo 21, apartados 2 e 3). Entendemos que se non se asegura a optatividade para tódolos centros, esta se convirte nun mecanismo segregador.

A pesar do esforzo do proxecto de lei por negalo (na súa “Exposición de Motivos”) conságrase unha dobre titulación (artigo 23), xa que existirá o Graduado de Educación Secundaria, xunto coa acreditación das calificacións expedida por cada centro. Por riba, a dobre titulación profesional ó remate da escolaridade obrigatoria é máis clara entre os que cursen formación profesional de grao medio e os que cursen o ano de garantía social.

Creemos que o proxecto de lei establece unha selección máis traumática para os fracasados, creando ese ano de garantía social que os expulsa do sistema educativo (artigo 23, apartado 2). Móntase unha especie de FP1, residual, sen saída académica e veremos se laboral (o nivel de cualificación máis baixo). Hai pouca concreción deste “ano de garantía social”, tanto no referido a condicións como medios.

* En tódolos centros nos que se imparta o Bacharelato deben garantizarse tódalas modalidades.(artigo 27).

Deséñase un bacharelato claramente propedéutico, encorsetado pola “proba de acceso” ós estudos universitarios (artigo 29, apartado 2) que debe ser suprimida. Esta proba de selectividade cuestiona a credibilidade da avaliación continua e do funcionamento do conxunto do sistema.

NOVA ESCOLA GALEGA, sen embargo, reclama que exista un control externo ó sistema educativo que evite a discriminación entre os títulos dos centros privados e dos públicos.

* A oferta de formación profesional específica debe ter un carácter compensatorio, asegurándose a súa calidade .

A Administración Educativa debe garantir que as prácticas nas empresas cumpran a súa función formativa, e non se convirtan para elas en man de obra barata.

Verbo do Profesorado

Este é na nosa opinión un dos aspectos máis insatisfactorios do proxecto de lei.

* Crea tres corpos docentes (Adicional no-vena), dividindo máis o profesorado. Desvaloriza a educación nas primeiras etapas (infantil e primaria), introducindo o concepto de mobilidade. Para NOVA ESCOLA GALEGA é un grave retroceso respecto a prantexamentos anteriores que contemplaban dous únicos corpos docentes e, mesmo, perspectivas de unificación entre eles.

NOVA ESCOLA GALEGA continuará reivindicando o CORPO UNICO de PROFESORADO, cunha única formación inicial, con carácter de licenciatura universitaria para tódolos niveis educativos. A creación dun corpo único do profesorado reconecería a importancia social de tódolos niveis educativos por igual.

O non recoñecemento do corpo único supón que tampouco se asegura a homoxeneización das condicións de traballo de tódolos docentes dos diferentes niveis educativos.

A posibilidade de mobilidade do profesorado (adicional decimoquinta) facilitará a competitividade entre o profesorado de secundaria (resucitando a condición de “catedrático” para o 30 % dos membros deste corpo, con carácter persoal e como mérito docente específico), e suporá, sen dúbida, que se lles reservará de facto a docencia no bacharelato, fuxindo da E.S.O., o nivel máis comprometido da futura ordenación académica.

A posibilidade de mobilidade dos mestres/as-licenciados/as ó corpo de profesores de secundaria por medio das reservas do 50 %, delega a posibilidade de mellora das condicións de exercicio profesional nunha vontade individual e non nun dereito colectivo.

* Debe especificarse que se entende por “profesionais coa debida cualificación” (artigo 10) para traballar no primeiro ciclo da educación infantil. NOVA ESCOLA GALEGA entende que na liña de corpo único que defendemos todo o persoal que exerce un labor educativo debe ter a mesma titulación académica.

* E insuficiente o regulamentado para a formación inicial do profesorado de secundaria, a “especialización didáctica” á que se refire o artigo 25 do

proxecto. Séguese aceptando a calquer titulado para docente, e non se establece a formación profesional específica para o exercicio desta profesión.

* A formación permanente do profesorado (artigo 56) non se garantiza que se realice en horario laboral.

* Botamos en falta un compromiso de creación de centros de formación do profesorado. No artigo 56, apartado 4, a Administración só se compromete a “fomentalos”.

Verbo das medidas de mellora da calidade educativa

* No título IV do proxecto referido ós factores que favorecen a calidade e mellora do ensino, engadiríamos a participación da comunidade educativa.

* Estes factores que se citan, en forma de boas intencións, deberían ser concretados en medidas a emprender antes da posta en marcha da reforma, para asumir compromisos específicos (Ve-lo apartado referido a condicións para a reforma).

Verbo da Avaliación

* E decepcionante a consolidación que da actual Inspección educativa se realiza no proxecto (artigo 61). Dende os M.R.P. somos moi escépticos do seu papel na “mellora da práctica docente... e na renovación educativa” (artigo 61, apartado a/).

Sen embargo, apostamos, nun sistema educativo de carácter comprensivo como o que se deseña e cun currículo aberto, por evitar as discriminacións entre o alumnado e os centros, para o que é necesario unha forte avaliación externa do funcionamento de todo o sistema.

* A propia denominación de “Instituto Nacional de Avaliación” (artigo 62, apartado 3) xa é sobradamente indicativa da visión centralista que destila todo o proxecto de lei. Non dubidamos da súa necesidade, que antes sinalamos, sen embargo córrese o risco tamén de constituirse nun factor que peche mías o currículo.

Verbo da autonomía dos centros

* A pesar dos cambios introducidos no proxecto de lei, respecto do borrador, séguenos

parecendo innecesaria a figura do "Administrador" (artigo 58, apartado 4). A xestión dos medios humanos e materiais" é unha competencia moi superior ás dos actuais secretarios dos centros (dos que asumirá, teoricamente, as súas competencias). Parécenos máis preocupante, aínda, que a este Administrador non se lle requira cualificación como docente.

Frente a esta nova figura cremos necesario anteponerla do persoal administrativo, da que aínda carecen os centros de EXB.

* NOVA ESCOLA GALEGA aposta pola autonomía do centro na súa organización interna, potenciando o traballo de equipos directivos e da participación de tódolos sectores da comunidade educativa.

* Botamos en falta no artigo 58, referido a que os centros estarán dotados dos recursos humanos e necesarios "para garantir un ensino de calidade", un compromiso de aumento do plantel do profesorado en cada centro, a diminución da xornada lectiva do profesorado de educación infantil e primaria. O mesmo poderíamos dicir dos recursos materiais e medios didácticos.

Verbo da educación das persoas adultas

* No proxecto falta concreción respecto do tipo de profesorado que debe impartir este tipo de ensinanzas.

* Debería remarcar-se o seu carácter permanente, integrando modalidades formativas que están fóra do sistema educativo (programas de incorporación ó traballo..)

Verbo da relixión como área do currículo

* A área de relixión, dende o punto de vista do modelo de escola pública que defendemos, non ten sitio no currículo.

ASPECTOS COMPETENCIAIS

* NOVA ESCOLA GALEGA entende que un requisito imprescindible para que a reforma sexa viable é a concertación e autonomía entre as diferentes Administracións Educativas competentes do Estado. Só deste xeito se poderá ser respetuoso co marco competencial das CC.AA. con competencias plenas en materia educativa, como é o caso de Galicia.

NOVA ESCOLA GALEGA

* O regulamento das ensinanzas mínimas que se reserva para o Estado, polo artigo 140.1 da Constitución, non debe supoñer en ningún caso que quedan reservadas ó Goberno Central. NOVA ESCOLA GALEGA cre que tódalas administracións educativas competentes deben consensuar as ensinanzas mínimas (ás que se refire o artigo 4 do proxecto) de xeito que se asegure que o currículo quede aberto.

* Estas ensinanzas mínimas consensuadas formarán parte do D.C.B., onde a Administración Educativa Galega concretará as súas intencións educativas. Rexeitámo-lo modelo centralista e homoxeneizador do proxecto de lei que pretende que o "Goberno Central" defina a actividade educativa básica en todos e cada un dos centros docentes do Estado.

O PROBLEMA DO FINANCIAMENTO

* Sen financiamento suficiente non hai reforma educativa posible.

* A LOXSE debía ir acompañada dunha Lei de Financiamento, que amosaría a vontade política de face-la reforma educativa viable.

* Para calcular os custos da Reforma non serve aplicar un coeficiente matemático extraído do estudo financeiro realizado para o territorio MEC (e que aparece no Libro Branco). Noutras comunidades este cálculo xa se amosou errado, producindo importantes desviacións.

* En Galicia cómpre de contado realizar un estudo da rede de centros para avaliar as necesidades presupostarias da implantación da reforma en Galicia.

* Na financiación da Reforma educativa debe contarse coa débeda histórica coas Administracións Locais que se ocupan do mantemento das instalacións dos centros escolares, con poucos recursos.

CONDICIONS PARA A REFORMA

NOVA ESCOLA GALEGA como movemento de renovación pedagóxica comprometido coa transformación e galeguización da escola estima necesario que para que a reforma de educativa sexa viable en Galicia, ademais de modificarse os aspectos insatisfactorios do proxecto de lei que se teñen citado, cómpre emprender de contado unha serie de medidas de mellora da escola pública e de dignificación da profesión docente.

Estas medidas de mellora da escola pública galega

foron aprobadas pola VII a. Asemblea Anual de NEG, no mes de febreiro pasado , e recollen as aspiracións máis inmediatas do noso movemento.

1. Medidas sobre infraestrutura e medios da Escola Pública Galega:

- Desenvolvemento do decreto de condicións mínimas dos centros públicos.
- Realización do Mapa Escolar de Galicia de carácter dinámico, onde se recolla a futura rede de centros públicos coa implantación da Reforma educativa.
- Plan de eliminación de déficits funcionais e barreiras arquitectónicas nos centros públicos.
- Programa de renovación de mobiliario escolar e dotación de recursos didácticos nos centros públicos.
- Aumento da dotación de gastos de funcionamento para os centros públicos.

2. Medidas de ampliación da oferta educativa pública:

- Ampliación da oferta educativa dos 14 ós 16 anos.
- Integración das "Garderías Laborais" no sistema educativo.
- Plan de ampliación da oferta escolar de educación infantil a partir dos tres anos.
- Redución de alumnado por aula , en tódolos niveis do sistema educativo.
- Plan de centros privados en crise, que cubran necesidades de escolarización.

3. Medidas de reforma da administración educativa:

- Definición dun modelo descentralizado de Administración Educativa que contemple como unidade administrativa e de xestión básica á comarca e na que se integren tódolos recursos humanos e materiais e de apoio á escola.
- Racionalización das competencias municipais en materia educativa.
- Reordenamento dos servicios centrais da Consellería de Educación.

4. Medidas sobre o profesorado:

- Aprobación do estatuto do Profesorado apropiado para a dignificación da profesión docente.
- Incremento xeral do profesorado en cada centro centro, co obxecto de diminuí-las súas horas lectivas e facilita-lo traballo dos equipos docentes.
- Asunción por parte da Administración Educativa da responsabilidade civil dos docentes.
- Aplicación do Plan Institucional de

Formación do Profesorado.

- Dotación de persoal administrativo nos centros de EXB.

5. Medidas sobre renovación e innovación educativa:

- Plan de experimentación dos novos deseños curriculares.
- Realización de estudos e investigacións sobre os resultados da experimentación dos novos deseños.
- Creación de servicios comarcais de dinamización educativa.
- Desenvolvemento de programas de integración de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Fomento da produción editorial de materiais didácticos en lingua galega.
- Programas de coeducación, educación para a paz e educación medioambiental.
- Programas de formación nos propios centros.
- Aumento de axudas para os M.R.P.S.
- Programas de prácticas en alternancia para centros de F.P.
- Creación do Instituto Galego de Educación de Adultos.
- Programa de apoio á coordinación entre centros escolares próximos, especialmente no medio rural.

6. Medidas sobre normalización lingüística:

- Posta en práctica do Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino.
- Creación dun Equipo de Normalización Lingüística a nivel nacional.
- Creación de Equipos de Normalización Lingüística nos centros.

7. Medidas sobre participación:

- Activación do Consello escolar de Galicia.
- Constitución de Consellos Escolares Municipais e /ou comarcais.

8. Medidas sobre os servicios:

- Creación dunha rede de comedores escolares profesionalizada.
- Plan de transporte escolar.
- Aumento do presuposto adicado a bolsas de axuda para estudantes de ensino postobrigatorio.

**VIII° Encontro de Debate de
NOVA ESCOLA GALEGA
Santiago, 12 de maio de 1.990**

NOVA ESCOLA GALEGA

Actividades realizadas

IV ENCONTROS GALEGOS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ

Os días 11 e 12 de marzo de 1.990, cento cincuenta persoas participaron no Balneario de Lugo nos IV ENCONTROS GALEGOS DE EDUCADORES POLA PAZ, organizados polo grupo de Educadores pola paz de NOVA ESCOLA GALEGA.

Nos Encontros participaron educadores/as pola paz chegados de toda Galicia que presentaron diversas experiencias e materiais sobre a educación para a paz.

Con estes encontros remataba unha primeira rotación provincial, iniciada no ano 1986, destes Encontros que con esta edición acadaron a súa madurez.

Participou nos Encontros unha representación do Grupo de Educadores pola Paz de Portugal, cos que se acordou manter relacións estables,

Acordouse que os próximos encontros terían un carácter monográfico e se realizarían na comarca do Baixo Miño.

DEBATE SOBRE O DESEÑO CURRICULAR

O día 31 de marzo de 1.990 realizouse en Santiago o DEBATE SOBRE O DESEÑO CURRICULAR BASE, no que participaron un centenar de persoas.

Na sesión da mañá debatiuse o MARCO CURRICULAR PARA GALICIA, presentado por membros do Gabinete da reforma da Consellería de Educación.

Na sesión da tarde, Elena Martín, membro da NOVA ESCOLA GALEGA

“Dirección General de Renovación Pedagógica” do M.E.C. presentou o DESEÑO CURRICULAR BASE, elaborado polo M.E.C.

Estes debates continuarán o vindeiro mes de setembro, coa discusión sobre os deseños curriculares da etapa 12-16 e da educación primaria.

PRIMEIRAS XORNADAS DE EDUCACION AMBIENTAL

Celebráronse os días 27 e 28 de abril de 1.990 en Vilanova de Arousa. Participaron sesenta persoas.

Inauguráronse as xornadas cun coloquio sobre o traballo de Educación medioambiental desenvolvido dende o Centro Municipal de Investigación e Dinamización Educativa do Concello de Sevilla, a cargo de Federico Medrano Cabrerizo.


Presentáronse cinco experiencias de Educación Ambiental e desenvolveuse un denso debate sobre a actual situación da Educación Ambiental, na que participaron representantes da Universidade, de

Concellos e de grupos Ecoloxistas.

Acordouse que estas xornadas deberían ter un carácter anual.

VIII° ENCONTRO DE DEBATE DE NOVA ESCOLA GALEGA: A LOXSE

O día 12 de maio un reducido grupo de asociados e asociadas participou no debate que sobre a LOXSE preparou o Secretariado da Asociación. Froito do seu traballo é o documento que sobre a LOXSE se publica neste número do Boletín.



Encontros Galegos de Educación Permanente de Adultos

Organizados por Nova Escola Galega celebráronse os Encontros Galegos de Educación Permanente de Adultos que reuniron na Escola Obradoiro de Restauración de Noia, durante os días 1 e 2 de xuño a 70 persoas relacionadas en Galicia coa educación das persoas adultas.

Estes Encontros constituiron un fito de especial importancia na Educación das persoas Adultas en Galicia, xa que foi a primeira actividade que aquí se organizou, neste ano 1.990, Ano Internacional da Alfabetización.

Nos Encontros presentáronse doce experiencias das diferentes modalidades de E.A., con especial atención á problemática das Escolas Obradoiro e dos estudos de E.P.A. de carácter presencial.

Contouse coa participación dos profesores Agustín Requejo Osorio, da Universidade de Santiago que abordou en profundidade a problemática da E.P.A. en Galicia e de Ramón García Flecha, da Universidade de Barcelona, unha das persoas máis destacadas a nivel europeo nesta materia, que deseñou maxistralmente as perspectivas desta modalidade no futuro nos vindeiros anos.

Nun animadísimo debate polemizouse sobre a incidencia da LOXSE no regulamento da E.A., no que participaron, ademais dos profesores universitarios invidados, Tiberio Feliz Murias, profesor de E.A., Camilo Ocampo, Inspector de E.P.A. e Faustino Salgado en representación da Dirección Xeral de Ensinanzas Medias.

Dende estas páxinas queremos agradecer a colaboración inestimable de todo o persoal da Escola Obradoiro de Noia, local no que se celebraron os Encontros, e moi especialmente ós membros da comisión organizadora Emilia Seoane, Concepción Allut e Elixio Villaverde que co seu traballo teimóso fixeron posible que estes Encontros constituiran un rotundo éxito.

CONCLUSIONS DOS ENCONTROS GALEGOS DE EDUCACION DE ADULTOS

1.- Os asistentes os ENCONTROS GALEGOS DE EDUCACION PERMANENTE DE ADULTOS, celebrados en Noia os días 1 e 2 de xuño de 1.990 queren manifesta-la súa satisfacción pola

realización deste Primeiro Encontro de Educadores/as de Persoas Adultas en Galicia e a necesidade que esta iniciativa teña continuidade anualmente.

2.- Manifestámo-la necesidade de crear unha coordinadora galega de educación das persoas adultas, onde o profesorado das diferentes modalidades de E.A. (Escolas Obradoiro, Formación Ocupacional, Educación Permanente de Adultos de carácter presencial, Radio ECCA, estudos a distancia e animación sociocultural) teña oportunidade de debater sobre a súa problemática e relacionarse con outros colectivos, tanto a nivel estatal como internacional.

Con este obxecto NOVA ESCOLA GALEGA convocará unha xuntanza no vindeiro mes de Setembro para constituir esta Coordinadora.

3.- Os debates realizados nos Encontros amosan a necesidade dunha lexislación-marco da educación das persoas adultas, actualmente dispersa en diferentes normativas. Solicitamos da Xunta de Galicia a elaboración dunha LEI GALEGA DA EDUCACION DAS PERSOAS ADULTAS, como existe noutras comunidades (Andalucía, Cataluña, Canarias e País Valenciano).

4.- Demandámo-la creación do INSTITUTO GALEGO DE EDUCACION DAS PERSOAS ADULTAS, como organismo da Administración Educativa que xestione e coordene tódalas iniciativas desta modalidade educativa.

5.- Denunciámo-lo desinterese da Administración Educativa Galega sobre todo o referido á Educación das Persoas Adultas. Non existe dentro do organigrama da Consellería de Educación ningún organismo ou persoa adicada a coordinar as modalidades de Educación de Adultos. Os centros de E.A. carecen das instalacións propias adecuadas e do material máis imprescindible. Non existen tampouco programas de desenvolvemento curricular específicos.

6.- Demandámo-la creación dunha rede de centros E.A. territorializada que cubra as demandas, crecentes cada ano, de escolarización rural e urbana en tódalas áreas xeográficas do noso país.

7.- Coñecedores da situación que están atravesando


la ESCOLA OBRADOIRO de Rivadavia e os profesionais que alí traballan, que despois dunha serie de inxerencias e trabas no seu funcionamento por parte do grupo de goberno municipal, recibiron notificación de non renovación dos seus contratos e dado o gran labor desenvolvida por este centro e da vontade do seu equipo profesional de seguir avanzando no desenvolvemento do seu proxecto, manifestámo-la nosa solidariedade con eles e coas súas reivindicacións, esixindo:

* autonomía que permita un funcionamento normal desta Escola Obradoiro, sen interferencias caprichosas;

* respecto ó proxecto aprobado polo INEM e polo Concello;

* cumprimento da normativa sobre Escolas Obradoiro;

* renovación dos contratos do equipo profesional.



Noia, 2 de Xuño de 1.990

EXPERIENCIAS PRESENTADAS NOS ENCONTROS

- * Programa Municipal de Formación para o Emprego do Concello de Santiago. A cargo de Xosé Manuel Rodríguez Gómez.
- * Programa de Capacitación Agraria da Consellería de Agricultura.
- * Escola Obradoiro "Auria" de Ourense. A cargo de Federico Pérez Mato.
- * Escola Obradoiro de Restauración de Noia. A cargo de Emilia Seoane Pérez.
- * Curso experimental de educación de adultos a nivel postgraduado da comarca do Barbanza. A cargo de Elixio Villaverde. I.E.S.P. Pobra do Caramiñal.
- * Visión diacrónica dun curso escolar en EPA. A cargo de Mercedes Rodeiro Barros. Centro E.P.A. Narón.
- * Estudio descritivo e aportes estadísticos sobre o funcionamento do Centro ECCA-Galicia. A cargo de Emilia Irimia Fernández.
- * O centro galego de educación básica a distancia. A cargo de Mará Jesús Fernández Fernández.
- * Preescolar na casa. A cargo de Francisco Veiga García.

PONENCIAS PRESENTADAS OS ENCONTROS

- * Unha aproximación ó carácter compensatorio da educación de adultos. A cargo de José Antonio Rodríguez Nieto.
- * A educación de adultos na comunidade autónoma galega. A cargo de Eduardo López. Escola Taller "Braña".
- * A Escola Taller Braña. A cargo de Serafín González Prieto.
- * Taller de medio ambiente. A cargo de Alfonso Fernández González.
- * Unha experiencia de teatro na aula de E.P.A. de Cee. A cargo de Purificación Martínez Bouzas.
- * Elementos de cálculo mercantil e o uso da calculadora nas clases de E.P.A. A cargo de Agustín Prado Verdeal.
- * Reflexión sobre a motivación do xove (12-26) con estudos incompletos. A cargo de Victoria Díaz cabanela e pedro manuel Presedo Iglesias.

Novas da Asociación

O CONSELLEIRO DE EDUCACION RECIBE A DIRECTIVA DE NOVA ESCOLA GALEGA

Tres membros da Directiva da Asociación entrevistáronse co Sr. Conselleiro de Educación o pasado 20 de marzo. Nesta entrevista presentouse o documento de 67 medidas para mellora-la escola pública, aprobado na VII Asemblea do mes de febreiro. Solicitouse tamén apoio e financiamento para as actividades e infraestrutura dos M.R.P.S.

CURSO DE DINAMICA DE GRUPOS

O grupo Territorial do Barbanza de Nova Escola Galega organizou na Pobra do Cañamiñal un curso sobre "Organización e Dinámica de Grupos", dos días 5 ó 9 de marzo, en colaboración co Grupo Esnatu do País Vasco.

XORNADAS DE EDUCACION MEDIO AMBIENTAL NO BARBANZA

No mes de maio celebráronse en Boiro as Xornadas Anuais de Educación Medio-ambiental, organizadas polo grupo Territorial do Barbanza de Nova Escola Galega. Presentáronse diversas experiencias da temática o "Medio ambiente no espacio Intermareal"

SALNES: O DESEÑO CURRICULAR DE EDUCACION SECUNDARIA

O día 31 de maio o Grupo de Nova Escola Galega do Salnés organizou en Vilagarcía unha charla coloquio sobre o deseño curricular de educación secundaria, a cargo de Miguel Vázquez Freire.

XORNADAS DE COEDUCACION

Un grupo de asociadas vense reunindo co obxecto de organizar unhas xornadas de coeducación que se celebrarían ó comenzo do mes de decembro deste ano.

As cuestións que se pretenden traballar nestas Xornadas son as seguintes:

1. Análise do contexto socioeducativo no que se inscribe a comunidade educativa.

a/ elementos do contexto sociocultural e a súa incidencia.
b/ análise da contribución dos distintos elementos do sistema educativo actual na procura dunha escola coeducativa.

2. A proposta coeducativa.

a/ O modelo de escola pública e coeducativa como marco teórico.

b/ A coeducación no proxecto educativo de centro: supostos de valores e actitudes, organizativos e curriculares.

Como aparece reflexado no esquema, estas xornadas pretenden partir dunha análise dos distintos elementos de carácter socioeducativo que, hoxe por hoxe, condicionan o efectivo desenvolvemento dunha escola coeducativa. O mesmo tempo se considera fundamental comenzo a reflexionar sobre a operativización desta proposta que quere ir máis aló da escola mixta que coñecemos.

Dende NOVA ESCOLA GALEGA temos tocado aspectos parciais en torno a este tema, pero parece cada vez máis

necesaria afondar na súa análise dun xeito máis global, Nesta liña a comisión organizadora destas xornadas fai un chamamento a tódalas persoas interesadas nesta cuestión para que, na medida das súas posibilidades, se integren nesta Comisión, para facer chegar as súas aportacións ou suxerencias.

Para isto prégase contactar con Mariló Candedo Gunturiz, Rúa Colombia 10, 8º dta. 15011 A Coruña.

BOLETIN DO GRUPO DE EDUCADORES POLA PAZ

O Grupo de Educadores/as pola Paz de Nova Escola Galega proximamente editará o seu primeiro Boletín informativo sobre temas de E. para a paz que será enviado a tódolos/as asociados e asociadas e persoas interesadas nesta temática.

III XORNADAS DE NORMALIZACION LINGUISTICA: A DIDACTICA DA LINGUA

Quere formarse unha comisión para organizar unhas xornadas sobre "Didáctica da Lingua" no vindeiro mes de Outubro. Hai conversacións para que se celebren na cidade de Pontevedra coa colaboración do Colectivo de Mestres "OLLO DE SAPO".

As persoas interesadas poñerse en contacto co Apartado 586, Santiago.

CORRESPONDENCIA CORRESPONDENCE

■ Enviar a:

Please send to

I Seminario Internacional sobre Planificación Lingüística.

Consello da Cultura Galega

Apartado 773

15705 Santiago de Compostela

Galicia (España)



No mes de marzo pasado editouse a Memoria de Actividades da Asociación, correspondente ó ano 1989 e que foi remitida a tódolos/as asociados/as.

ENCONTRO GALEGO DE M.R.P.S.

A Coordinadora Galega de M.R.P.S. vense reunindo nos últimos meses co obxecto de preparar o que será o PRIMEIRO ENCONTRO DE M.R.P.S. de Galicia.

NOVA ESCOLA GALEGA considera que este ENCONTRO debe supór unha consolidación efectiva do M.R.P. en Galicia. Propuxemos como bloques de debate:


1. A situación da Escola Pública Galega.
2. O proceso de Normalización Lingüística na Escola.
3. O futuro dos M.R.P.S en Galicia.

GARABULLIÑO

Estase preparando un libro colectivo coas tiras cómicas do GARABULLIÑO, que foron aparecendo no suplemento NA ESCOLA de La Región e Atlántico e neste mesmo Boletín.


SUPLEMENTO NA ESCOLA

Esta previsto que o suplemento NA ESCOLA volva a aparecer a comezos do próximo curso. As persoas interesadas en publicar traballos poden dirixirse a Xosé Manuel Cid. (Rúa Xeneral Aranda 10, 3º C, 32001 Ourense).



II XORNADAS de EDUCACION MEDIOAMBIENTAL do BARBANZA
 Casa da Cultura de BOIRO (5-13 Maio)
 Organiza: NOVA ESCOLA GALEGA

COLABORA:



CAIXA GALICIA

Afortunadamente apareceu o número 11 da REVISTA GALEGA DE EDUCACION, cun tema monográfico sobre o profesorado. Inclúe unha separata sobre a participación da comunidade educativa nos consellos escolares.

O número 12 abordará como tema monográfico o da educación das persoas adultas; o 13 a educación en valores e o 14 as áreas curriculares de educación artística e física.

As persoas interesadas en publicar traballos, envíalos ó apartado 577 de Vigo. Necesítase un novo pulo para relanzala revista.

SEMINARIO INTERNACIONAL SOBRE PLANIFICACION LINGUISTICA

Recibimos información so Consello da Cultura Galega sobre un importante "Seminario Internacional sobre Planificación Lingüística" a celebrar en Santiago do 25 ó 28 de setembro de 1981. As persoas que desexen máis información sobre este seminario poden dirixirse ó apartado 773 de Santiago, ou chamando ó teléfono (981) 58 80 88.

CAMBIO DE ENDEREZO

Pregamos a tódalas persoas que mudasen de enderezo o comuniquen ó apartado 586, poderán así recibir puntualmente toda a información da Asociación.

CURSO SOBRE
ORGANIZACIÓN E DINÁMICA DE GRUPOS



5-6-7-8-9 DE SETEMBRO 1981
 COLEXIO PÚBLICO "FDEZ. VARELA"
 POBRA DO CARAMINAL

nova escola galega do barbanza



A asociación NOVA ESCOLA GALEGA naceu coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia por medio da agrupación e da cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel do sistema educativo e de tódolos/as socios/as e colaboradores/as que pretendan contribuir coa súa acción e reflexión á renovación pedagóxica da educación e á construción dun sistema educativo GALEGO, PUBLICO e DEMOCRATICO.

Art.3 dos estatutos.

Creada o 11 de xuño de 1983.

Inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións o 23 de nadal de 1983.

NOVA ESCOLA GALEGA está integrada na MESA GALEGA DE MOVEMENTOS DE RENOVACION PEDAGOXICA, na Coordinadora Estatal de MRPS e pertence á FEDERACION INTERNACIONAL DE MOVEMENTOS DE ESCOLA MODERNA (F.I.M.E.N.).

GRUPOS DE ZONA:

- | | | |
|------------|-------------|-----------|
| - Santiago | - Barbanza | - Morrazo |
| - Ferrol | - A Estrada | - Vigo |
| - A Coruña | - Salnés | - Ourense |

SECRETARIADO NACIONAL

Rúa do Vilar 23, 2º, dereita.Santiago de Compostela.

CORRESPONDENCIA

NOVA ESCOLA GALEGA. Apartado 586. Santiago (A Coruña).

NOVA ESCOLA GALEGA edita a REVISTA GALEGA DE EDUCACION.

Redacción: Apartado 577. Vigo. 36200 (Pontevedra).

Suscripcións: Edicións Xerais de Galicia. Doutor Maraño. 10. Baixo. Vigo. 36211 (Pontevedra).

NOVA ESCOLA GALEGA ten publicados os seguintes materiais:

- Educar para ama-la paz.(1.000 ptas.)
 - Os monumentos megalíticos.(400 ptas.)
 - Itinerarios naturais: O Concello de A Estrada.(200 ptas.)
 - Itinerarios naturais: Bacia do Ulla e Península do Barbanza.(200 ptas.)
 - Itinerarios naturais: Baixo Miño.(200 ptas.)
 - Xogos cooperativos para tódalas idades.(1.200 ptas.)
 - Apuntes da nosa historia escolar.(300 ptas.)
 - Itinerario Ourense-Castelo. (100 ptas.)
 - Deseño Curricular e investigación do medio. (100 ptas.)
- (Poden solicitarse contrarrembolso ó Apartado 586 de Santiago, ó precio sinalado, máis gastos de envío).

Destinatario



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

